

Miguel Ángel Delgado González
Rúa Juan Castro Mosquera nº 28, 2º Dcha.
15005 A Coruña
prensa@xornalgalicia.com

RESOLUCIÓN SOBRE SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente núm.: PR100A_2022/001
Código SIACI: 2022/T-00230
Interesado: Miguel Ángel Delgado González
Procedemento: Acceso a información pública
Data de inicio: 10/03/2022

CONSIDERACIONES FÁCTICAS

1. Solicitud de acceso a información

O 10 de marzo de 2022 tivo entrada na Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a súa solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

A partir da data mencionada comeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013 e no artigo 27.4 da Lei 1/2016.

2. Alcance da solicitude

O obxecto da solicitude é a obtención de información cuxas principais características son as seguintes:

Tipo de información que solicita:

- Pagamentos
- Subvencións
- Créditos avalados
- Adxudicacións
- Calquera outro tipo de pagamentos xustificados

Fondos respecto dos que solicita a dita información pública:

- Fondos autonómicos
- Fondos nacionais
- Fondos da Unión Europea
- Fondos FEDER
- Fondos NextGeneration
- Fondos canalizados a través da Xunta de Galicia

Entidades respecto das que se solicita a información:



- Xunta e entes adscritos: comprensivo non só da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e as súas entidades instrumentais adscritas, senón tamén de todas as demais consellerías e entidades do sector público autonómico vinculadas.

A título exemplificativo, no só ámbito da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, o anterior comprende incluír o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción económica, o Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia Galega da Industria Forestal, ademais do total de sociedades públicas e fundacións feirais, todos eles entes con personalidade xurídica diferenciada.

Persoas respecto das que realiza a solicitude de información pública:

- INNOVACIONES TECNOLÓGICAS E INVESTIGACIÓN EN I MÁS D, S.A.U.
- JOSÉ MANUEL CASTRO GARCÍA
- TopConsulnor SL
- ALPHYWSA
- Yupido
- JAQUIM ADELIO ABREU MACHADO
- Consultores Empresariales e Inmobiliarios del Noroeste, SL

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

1. Análise xeral do contido da solicitude

Unha vez analizada con detalle a súa solicitude e considerado o seu alcance, poden anticiparse as seguintes conclusións.

En primeiro termo, a resposta esixiría a elaboración dun informe ex-novo, xa que a información que vostede solicita non está dispoñible senón que esixiría unha inxente labor de investigación e consulta para chegar, tras o tratamento dos datos recabados, á confección dun extenso informe específico, que non existe na actualidade, nin polo tanto tería o carácter de información pública, segundo a definición recollida no artigo 13 da Lei 19/2013.

Ademais disto, e considerada a amplitude do solicitado, atender o demandado suporía destinar inxentes medios da administración pública para a elaboración de informes ad hoc para un particular, sen que esta actividade administrativa estea amparada en ningunha norma xurídica.

Adicionalmente parte da información necesaria para a elaboración de tal informe, de existir, nin sequera estaría en posesión da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, senón que é competencia doutras consellerías da Xunta de Galicia, ou de entidades instrumentais do sector público autonómico con personalidade xurídica propia, resultando de enorme complexidade a priori a determinación dos órganos que posúan tal información.

2. Ausencia do carácter de información pública



De acordo co previsto na letra c) do número 1 do artigo 18 da citada Lei 19/2013, *inadmitiranse a trámite as solicitudes de acceso á información pública relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.*

Neste caso se trata dunha solicitude relativa a información para cuxa divulgación sería necesaria unha extensa, intensa e exhaustiva acción previa de reelaboración.

Noutras palabras, trátase de varias solicitudes de acceso a documentos que non existen: o dereito a acceder a documentos inexistentes non forma parte, evidentemente, do contido do dereito á información pública, como teñen aclarado diversas resolucións do Consello de Transparencia e da Comisión Galega da Transparencia. Neste sentido, a Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia no Expediente RSCTG 017/2018 expresa que: *"A Lei non recoñece, como é obvio, o dereito a solicitar información ou documentos que non existen, e no presente caso non existe, porque nin a normativa reguladora do suxeito incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei, nin a actividade concreta sobre a que se pide, non o esixe".*

A necesidade desa acción de reelaboración implica que non se trata de acceso a información pública nos termos do artigo 13 da Lei 19/2013.

En consecuencia, con fundamento no disposto na letra c) do artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a súa solicitude debe inadmitirse.

3. Finalidade non amparada pola lexislación de transparencia

O artigo 18 da citada Lei 19/2013 sinala no seu apartado e) que *se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificacoa finalidade de transparencia da Lei.*

A finalidade da Lei é dar acceso aos particulares á información pública xa existente na administración pública, sen necesidade de realizar unha tarefa de elaboración ad hoc. Porén, a elaboración de novos documentos e informes -non existentes nin previstos na normativa vixente- esixiría unha inxente labor administrativa, destinando medios persoais e materiais da administración a finalidades distintas ás previstas na lei, en beneficio exclusivo dun particular.

A modo de exemplo, o Criterio Interpretativo 3/2016, do 14 de xullo, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, indica que *"El artículo 18.1.e) de la LTAIBG asocia el carácter abusivo de la solicitud a la condición de que la petición "no esté justificada con la finalidad de la Ley. De este modo hay dos elementos esenciales para la aplicación de esta causa de inadmisión: (...) B) Que el ejercicio del derecho pueda considerarse excesivo, es decir, cuando no llegue a conjugarse con la finalidad de la Ley. (...) Consecuentemente, NO ESTARÁ JUSTIFICADA CON LA FINALIDAD DE LA LEY cuando: (...) - Cuando tenga por finalidad patente y manifiesta obtener información que carezca de la consideración de información pública de acuerdo con la definición del artículo 13 de la LTAIBG."*

No carácter abusivo e incompatible coa finalidade da normativa de transparencia da solicitude incide a amplitude do obxecto da solicitude, xa que esta se refire a un amplo espectro da actividade do sector público, e á totalidade da Xunta de Galicia, non só á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación senón ás



distintas consellerías e entidades do sector público autonómico que poidan realizar actividades de promoción e fomento.

En consecuencia esta solicitude tamén incorrería no suposto de inadmisión previsto na letra e) do artigo 18, por ter un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei.

Por todo o anterior,

RESOLVO:

Inadmitir a solicitude de acceso á información pública polos motivos expostos no corpo da resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital.

O secretario xeral técnico

Pablo Casal Espido

